


CONTOS DA RATA LUÍSA

As castañas







**Hoxe déitanse pronto e aínda así van contentos.
Mañá teñen viaxe e han de erguerse cedo.**




**Luísa e a familia esta fin de semana
van axudarles a uns amigos a apañar as castañas.**




**Como veñen de lonxe, aínda que madrugaron,
cando chegan alá xa os están agardando.**



Despois dos saúdos



**xa marchan ao souto.
Van ben preparados e levan de todo:
cestos e sacos para encher as castañas
e luvas e calzado para non picarse ao apañalas.**




**Hai moreas de ourizos caídos no chan,
cheos de castañas fermosas e sans.**




**E moi deseguida aprenderon a abrilos
e a coller as castañas sen mancarse cos picos.**



Apañaron para vender,...



... para meter no **sequeiro**,...




Un **sequeiro** é unha construción para secar as castañas. Ten dous niveis, separados por unha tarima de madeira. No de abaixo faise un lume e no de arriba esténdense as castañas para que sequen (un par de veces ao día voltéanse cun **rodo**).




Cando están secas faise a **pisa**. As castañas métese nun saco e bátense contra algo duro para romperlle a tona, despois dánselle unhas voltas no **bandoxo** para separarlle e, por último, escóllense e gárdanse nun sitio seco para usalas ao longo do ano.




... para hacer un magosto...




... e para levaren os nenos.




**Todo ía moi ben, ata que de repente,
cando non se pensaba houbo un accidente.**



**A un dos ratiños, quen o ía dicir...
caeuille unha croca enriba do nariz!**




**O mal non foi moito, mais está amolado
porque todos se rin do seu nariz encarnado.**




Outro, cando se ría, esvarou nun ourizo



caeuvo co cu, e encheuno de picos.




**Tiña espiñas cravadas por todos os lados.
Tardaron un mundo en darllas quitado.**




**O que librara pasábao moi ben
ata que nun descoido tocoulle a el tamén.
Xa viñan de volta e polo camiño
bateu nun cadullo e caeu de fuciños.**



**Non se mancou moito mais xa non se ri,
porque raspou un xeonllo, as mans e o nariz.**



**Rematado o día, e feito o traballo,
os pais volven contentos,...**



... mais os nenos non tanto.

**Luísa, Roxelio
e mais os ratiños
esperan que vos gusten
estes seus contiños.
Abur!**

